CONCELLO DE SANTIAGO

# Medrar en familia



*As actividades para bebés estimulan as habilidades dos pequenos*
*e ofrecen ideas creativas aos pais*

***Medrar pintando***

A pintura estimula a comunicación, a creatividade, a sensibilidade e aumenta a capacidade de concentración e expresión dos nenos.A partir do momento en que o bebé consigue suxeitar un obxecto n aman poderá empezar a facer garabatos, debuxar, pintar,… este é un dos exercicios máis estimulantes para o pequeno e os seus país. Nos nosos obradoiros os nenos e os pais acaban coas mans cheas de pintura y coa roupa lista para ir á lavadora.

**Conta ti que eu leo**

Aínda que os bebés ao principio non entendan o que dicimos o certo é que ler ao bebé dende que nace ten efectos moi positivos para o seu desenvolvemento: mellora os vínculos emocionais, aprende vocabulario, divírtese,…
Coñeceremos diferentes tipos de libros e formas de utilizalos para que os máis pequenos interactúen con eles.

**Xoga comigo**

Os nenos aprenden xogando, e canto máis xogan máis desenvolven a súa capacidade de aprendizaxe e relación. Co xogo exploran, imitan, aprenden e descubren solucións. Cando xogamos con eles mostrámoslles sen palabras o moito que nos importan e esta é unha das bases para construír a súa autoestima.

***¡Chove!***

Os bebés viven abraiados por calquera novidade nas súas vidas, esta é unha obra teatral que mostra un mundo repleto de estímulos que apelan á súa sensibilidade e á súa capacidade para imaxinar.

| | | |
|---|---|---|
| ***Medrar pintando***<br>*Bebés de 6 a 36 meses* | 2 de xullo<br>18.00h | **CSC Aurelio Aguirre de Conxo**<br>Praza de Aurelio Aguirre, nº1 |
| | 30 de xullo<br>11.00h | **Casa das Asociacións**<br>R/ Manuel Beiras, 3 |
| ***Conta ti que eu leo***<br>*Bebés de 6 a 36 meses* | 4 de xullo<br>18.00h | **CSC Santa Marta**<br>Rúa de Antonio Rama Seoane 6 |
| | 16 de xullo<br>11.00h | **CSC José Saramago de Vite**<br>Rúa de Carlos Maside, nº7 |
| **Xoga comigo**<br>*Bebés de 6 a 36 meses* | 23 xullo<br>18.00h | **CSCX o Ensanche**<br>Rúa Frei Rosendo Salvado 14-16 |
| | 9 de xullo<br>11.00 | **CSC Fontiñas**<br>R/ Berlín, 13 |
| ***¡Chove!***<br>**Teatro para bebés**<br>*Bebés de 6 a 36 meses* | 16 de xullo<br>18.00h | **CSC Aurelio Aguirre de Conxo**<br>Praza de Aurelio Aguirre, nº1 |
| | 17 de xullo<br>18.00h | **CSC José Saramago de Vite**<br>Rúa de Carlos Maside, nº7 |

IMPORTANTE:
*Imprescindible estar apuntado.
*Para o obradoiro Medrar pintando traer roupa preparada para mancharse e moitas ganas de divertirse.
*Duración aprox. 50 mins.
*En caso de non poder asistir rogamos avisen o antes posible para que outra familia poida ocupar a praza, tlf 981 542 350

Socioculturalcentro
en santiago, o centro es ti